



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 869 Semana do 10 ao 16 de febreiro de 2020

ESTE LUNS A REFORMA LABORAL DE 2012 CUMPRIU OITO ANOS, AMOSÁNDOSE INEFICAZ, INJUSTA E INÚTIL, NON CREOU EMPREGO, FOMENTOU O DESPEDIMENTO, A TEMPORALIDADE, A PRECARIIDADE E OS BAIXOS SALARIOS

TRAS OITO ANOS, URXE XA A DERROGACIÓN DA REFORMA LABORAL

Redacción.- O pasado luns a reforma laboral imposta polo Goberno do PP cumpriu 8 anos. Foron 8 anos dunha reforma laboral ineficaz, injusta e inútil que non só non creou emprego, senón que fomentou o despedimento, a temporalidade, a precariedade e os baixos salarios. Todo o contrario dos obxectivos que se desprenden da súa exposición de motivos (fomentar a creación de emprego, favorecer a contratación indefinida e reducir a dualidade laboral, favorecer a flexibilidade interna como alternativa á destrución de emprego e mellorar a empregabilidade dos traballadores). É dicir, un auténtico fracaso que levou a un modelo laboral menos eficiente e máis injusto. Por todo elo, UGT-Galicia, neste oitavo aniversario, urxe a derogación desta reforma laboral a todas luces ineficaz e inútil como se pode demostrar na análise que se acompaña.

A reforma laboral non serviu para crear emprego. Ao contrario, promoveu a súa destrución na fase de crise ao abaratar os despedimentos. E, ao facelo, favoreceu o autoritarismo fronte á flexibilidade negociada. Si é certo que a día de hoxe hai en Galicia 15.600 empregos máis que a finais de 2011, antes da reforma. E 94.000 persoas menos en situación de desemprego. Pero isto é froito, non da reforma laboral, senón do cambio de rumbo económico global.

Dende a imposición da reforma laboral pérdense en Galicia 78.500 activos e hai 13.000 inactivos máis

Ademais, a perda neste período de 78.500 activos e 13.000 inactivos máis matiza e desvirtúa en Galicia totalmente as cifras anteriores, así, a taxa de actividade pasa do 54,9% no cuarto trimestre de 2011 ao 53,1% no cuarto trimestre de 2019. Causado isto tanto pola perda de poboación en idade de traballar, como pola busca de oportunidades noutros lugares, sobre todo, dos máis mozos, e o efecto desánimo.

En Galicia no 2012, ano de implantación da reforma, destruíronse 46.600 empregos (29.600 asalariados con contrato indefinido), a



maior destrución da historia só superada polo 2009 en plena crise.

Un dos puntos fundamentais da reforma consistiu en facilitar o despedimento. Con elo, incentivouse o uso do despedimento como a medida prioritaria para recortar os custes das empresas en crise. Lonxe de fomentar a creación de emprego, alentou a súa destrución. En Galicia, do cuarto trimestre de 2011 ao cuarto trimestre de 2012 rexistráronse 29.600 despedimentos de asalariados con contratos indefinidos. Estas son as maiores perdas de emprego da historia, só por detrás das sufridas no 2009, en plena crise económica. A reforma, en lugar de frear a sangría con medidas de carácter negociado e conxuntural, optou por facilitar a vía do despedimento.

Por outra banda, está demostrado que a creación de emprego dende 2014 non se debe á reforma, senón á mellora económica e ven da man do aumento do PIB.

Se ben o número de ocupados medra entre o 2011 e o 2019 nun 1,4%, as horas traballadas por persoa baixan nun 3,1%, derivado isto da maior discrecionalidade outorgada ao empresario coa reforma laboral

Si resulta evidente que agora hai máis ocupados, pero tamén non se pode esquecer

que se traballan menos horas. Do 2011 ao 2019 o número de ocupados medrou nun 1,4% en Galicia pero as horas traballadas por persoa baixaron nun 3,1%. Neste senso, esta Comunidade rexistra unhas estatísticas moito máis negativas que o resto do Estado, onde o número de ocupados medrou nun 4,3% e as horas traballadoras baixaron nun 0,9%. Isto é en parte consecuencia do auxo do contrato a tempo parcial, do aumento da rotación laboral, derivado todo da maior discrecionalidade outorgada ao empresario na xestión do emprego coa reforma laboral de 2012.

Disto derivase que a reforma laboral se converteuse nunha das grandes responsables do aumento da precariedade laboral. Hoxe o emprego é de peor calidade, máis inestable, menos seguro e peor pagado.

A taxa de temporalidade pasa do 24,5 ao 26,4%

En 2011 a taxa de temporalidade era en Galicia do 24,5% e pasou no 2019 ao 26,4%. Este aumento da temporalidade percíbese máis dende 2014, cando a economía comezou a medrar de novo tras a crise. De 2013 a 2019 a taxa de temporalidade creceu 3,7 puntos nesta Comunidade (do 22,8 ao 26,5).

Este é un comportamento habitual da creación de emprego nas fases de expansión neste país, ao igual que se destrúe con moita

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

rapidez o emprego temporal na crise. Pero o feito de que nesta nova fase de crecemento se volva a poñer de relevo resulta un indicador evidente de que as medidas adoptadas na reforma de 2012 non modificaron en absoluto esta situación.

Analizando o número de contratos rexistrados, o resultado é o mesmo: a reforma non impulsou apenas a realización de contratos indefinidos. Cada mes, de cada cen contratos asinados, 92 son de carácter temporal.

En 2012, o 28,8% dos contratos temporais tiña unha duración inferior a 7 días en Galicia e no 2019 esta cifra subiu ata o 36%

Coa reforma laboral tamén aumentou a rotación. Non só os contratos non se fixeron máis duradeiros e estables, senón que se fixeron claramente máis volátiles e inestables. Un indicador de elo é que os contratos temporais realizados son cada vez de máis curta duración. En 2012 o 28,8% dos contratos temporais asinados tiña unha duración inicial inferior aos 7 días en Galicia e no 2019 esta cifra subiu ata o 36%.

Pero é que os contratos indefinidos tamén se volveron máis inestables. No 2019 para consolidar 12.500 novos asalariados con contratacións indefinidas, tiveron que asinarse un total de 49.820 contratos indefinidos.

Á vista dos datos, parece evidente que os importantes cambios que a reforma laboral realizou para facer máis fácil e barato o despedimento provocaron un aumento da inestabi-

lidade xeral da contratación, tanto da temporal como da indefinida.

Aínda que xa derogado, o mal chamado contrato de apoio a emprendedores, que a reforma laboral creou, foi un exemplo máis da inútil precarización dos contratos indefinidos. No ano 2013, primeiro de operatividade deste contrato cun ano de despedimento de custe cero, realizáronse 4.255 contratos deste modalidade, en 2018 foron 14.340, 3,4 veces máis.

Máis da metade dos contratos indefinidos de apoio a emprendedores non superaba o ano de duración, demostrando a utilización perversa desta figura contractual, funcionando en realidade como un contrato temporal sen custe.

A reforma tamén trouxo consigo o incremento do uso do contrato a tempo parcial como unha figura precaria, incluso permitindo a realización de horas extraordinarias, pero sen adoptar as medidas necesarias para que se convertese nunha figura de uso esencialmente voluntario por parte do traballador. Non se pode esquecer que no 2013 cambiáronse as horas extraordinarias polas chamadas horas complementarias, en detrimento da conciliación da vida persoal a familiar da persoa traballadora.

Dende a entrada en vigor da reforma laboral en Galicia incrementáronse en 24.400 os ocupados a tempo parcial e, paralelamente, destruíronse nada máis e nada menos que 8.800 a tempo completo. Neste período baixou a contratación a tempo completo nun 1% e subiu un 19% a contratación a tempo parcial.

Disto derivase unha taxa de parcialidade no emprego que aumentou en dous puntos, do 12 ao 14%.

Os salarios perden en Galicia ao redor de 8 puntos de poder de compra, a pesar da fase de expansión económica

Os salarios tamén sufriron as consecuencias negativas da imposición da reforma laboral hai oito anos, xa que a negociación colectiva quedou desequilibrada a favor das empresas. Deste xeito, de 2011 a 2017 os salarios perderon en Galicia ao redor de 8 puntos de poder de compra, todo isto, a pesar da notable fase de expansión da economía dende o ano 2014 que conduce a un incremento dos excedentes das empresas, pero non das rendas das persoas asalariadas.

A todo isto, súmaselle que a reforma laboral de 2012 non implicou apenas ningunha medida que mellora a empregabilidade das persoas. Nun contexto de recaída na recesión, debido á aplicación dunha estratexia económica profundamente errónea, o financiamento das políticas activas de emprego recortouse no bienio 2012-2013 en Galicia en 137 millóns de euros.

Ademais, as medidas de suposto fomento á contratación que acompañaron ás diferentes actuacións da reforma consistiron esencialmente en bonificacións aos contratos, que é unha liña de actuación sobre a que actualmente existe un amplo consenso entre os expertos acerca da súa ineficiencia, posto que logra escasos resultados e moi alto custe.

A CIDADANÍA GALEGA CLAMOU ESTE DOMINGO EN SANTIAGO POR UNHA SANIDADE PÚBLICA DE CALIDADE E CONTRA O SEU DESMANTELAMENTO

Redacción.- Miles de persoas saíron este domingo ás rúas de Santiago para reclamar unha sanidade pública de calidade e denunciar o seu desmantelamento.

Dende a Alameda ata a Quintana deixouse oír o clamor da cidadanía, profesionais do sector, partidos da oposición e sindicatos contra a política sanitaria da Xunta de Galicia caracterizada polos recortes de recursos; o desmantelamento dos hospitais, con maior virulencia no caso dos comarcais; o abandono da atención primaria; a vulneración de dereitos das persoas con problemas de saúde mental, e a falta de recursos neste nivel asistencial; os recortes no desenvolvemento do plan de atención integral á saúde da muller; a ocultación e manipulación das listas de espera; e a precarización e explotación do persoal e a privatización. Esta política sanitaria está levando á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non se para entre todos.

As protestas de atención primaria, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio do seu hospital, as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras, foron algunhas das manifestacións do malestar cidadán e profesional fronte a esta crise sanitaria que tamén se deixaron oír na manifestación deste domingo que rematou cunha praza da Quintana ategada.



CONCENTRACIÓNS EN TODOS OS CAMPUS GALEGOS EN DEFENSA DA UNIVERSIDADE PÚBLICA E CONTRA A SÚA PRIVATIZACIÓN



Redacción.- A Plataforma galega en defensa da universidade pública, da que FeSP-UGT forma parte, xunto con CCOO e CIG e sindicatos de estudantes, convocaron mobilizacións este martes nos campus das universidades galegas en defensa do ensino público universitario e para evitar que os estudos a este nivel se convertan nun campo de mercadeo e de negocio, competindo directamente coas institucións públicas.

A Plataforma denuncia que o proxecto existente en Galicia para a creación dunha universidade privada, Abanca, faise en paralelo ao proceso de depuración de títulos e merma da oferta na pública.

A oferta da nova universidade non suporía unha diversificación con respecto á oferta actual en Galicia, todo o contrario, sería similar á xa existente,



tente, o que traerá consecuencias para os recursos e cadros de persoal das institucións públicas.

Por todo isto, FeSP-UGT consi-

dera que esta nova conxuntura precisa dunha resposta, para o cal se creou esta Plataforma que comezou a súa andaina coas mobilizacións deste martes.

PEDRO HOJAS DEFENDE ANTE NÚÑEZ FEIJOÓ O PAPEL DA INDUSTRIA COMO MOTOR DA ECONOMÍA E DO PAÍS

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT FICA, Pedro Hojas; de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; e de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro, mantiveron este luns unha reunión co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo; e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, na que abordaron a situación da industria en Galicia e España e coincidiron en sinalar a urxencia de que o noso país conte xa cun Estatuto de Consumidores Electointensivos que garanta á industria española unha tarifa enerxética competitiva co resto de países europeos.

Pedro Hojas lembrou que UGT FICA leva tempo reclamando aos distintos gobernos medidas para atallar a perda de competitividade da indus-

tria española e a nosa esixencia aos ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica para que, dunha vez por todas, aproben o Estatuto de Consumidores Electointensivos. Urxe a posta en marcha dun marco regulatorio como o Estatuto, vital para a supervivencia de máis de 600 empresas españolas grandes consumidoras de enerxía, das que 33 están situadas en Galicia, ademais de xeradoras de postos de traballo de calidade e con dereitos.

Na reunión tamén se analizou a situación da central térmica das Pontes e, ao respecto, o Sindicato insiste na defensa do mantemento dos postos de traballo e na necesidade de al-



canzar unha solución que asegure o emprego na empresa principal e nas contratas e subcontratas.

Nesta mesma liña, UGT FICA amosa a súa preocupación pola situación de incerteza en que se ato-

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén de páxina anterior.

pan as plantas de Alcoa e Ferrogloble e expresa a súa confianza en que a aprobación do Estatuto sente as bases para garantir a actividade industrial e asegurar os postos de traballo.

UGT insiste en que urxe unha aposta clara por reindustrializar o país para dar á economía española a soli-

dez necesaria que lle permita afrontar con solvencia os retos presentes e futuros. A este respecto, é necesario alcanzar un Pacto de Estado pola Industria con participación dos axentes sociais que desenvolva as medidas e políticas de estado que configuren unha política industrial integral sostida no tempo para situar á industria como motor da economía e da creación de emprego estable e con dereitos.

Finalmente, e no marco da preocupación de UGT FICA pola política industrial en España, Pedro Hojas convidou a Alberto Núñez Feijóo a participar nunhas xornadas sobre a industria alimentaria e conserveira que a Federación ten previsto celebrar o próximo 25 de marzo en Galicia, invitación que foi acollida favorablemente polo presidente da Xunta de Galicia.

UGT FICA INSTA AO MINISTERIO DE INDUSTRIA A QUE AMPLÍE OS MECANISMOS DE APOIO NOS QUE SE BASA O ESTATUTO DE CONSUMIDORES ELECTROINTENSIVOS

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT agradece ao Ministerio Industria o cumprimento do compromiso adquirido cos axentes sociais e o seu esforzo ao dar inicio ao proceso para a aprobación do Real Decreto de Estatuto do Consumidores Electrointensivos (CEI).

Desde UGT FICA entendemos que o Estatuto presentado esta semana é un avance, pois supón o recoñecemento de especificidade aos sectores industriais cun elevado consumo de electricidade, pero, atendendo ao exposto, instaremos a que os mecanismos de apoio nos que se basea o CEI sexan ampliados e aumentados para

lograr o obxectivo da procura dun prezo eléctrico, que elimine o diferencial con países da nosa contorna como Francia e Alemaña, como máxima garantía de emprego e condicións laborais de traballadores do sector.

Para UGT FICA, é necesario implementar as compensacións de custos indirectos de CO2 na maior porcentaxe posible e, para iso, os Orzamentos Xerais do Estado deben recoller a máxima contía marcada na directiva UE nesta materia, ademais de seguir no camiño de eliminar cargas sobre o prezo da electricidade e o gas, nos custos regulados e os non vinculados á subministración.

A Federación Estatal reitera a necesidade de incluír no CEI medidas de protección do emprego e das condicións laborais que obriguén ás empresas que se vexan compensadas por estas medidas a garantir a continuidade industrial, evitando a deslocalización a países da nosa contorna UE, que favorecen unha tarifa eléctrica reducida.

Desde UGT FICA propoñeremos incluír nas alegacións que estamos a elaborar no actual período de consulta pública a necesidade de levar a cabo un seguimento do cumprimento dos requisitos establecidos polo decreto para acceder ás condicións marcadas no CEI.

UAAA CHAMA AOS GANDEIROS GALEGOS A MOBILIZARSE O VINDEIRO MÉRCORES NA CORUÑA “POR UNS PREZOS XUSTOS”

Redacción.- UAAA chama aos gandeiros de toda Galicia a participar o vindeiro día 19 na concentración convocada na Coruña, fronte á Delegación do Goberno, a partir das 12 horas, “Por uns prezos xustos” e para poñer fin ao uso do leite como produto reclamo por parte das empresas distribuidoras.

Na rolda de prensa, na que presentou esta mobilización, o secretario xeral de UAAA, Roberto García, explicou que a día de hoxe os prezos non están a cubrir os custes de produción.

Lembrou as protestas protagonizadas polos gandeiros en Galicia no ano 2015 e lamentou que cinco anos despois o “dumping” continúa, a pesar do acordo asinado por aquel entón. Neste senso, criticou a pouca transparencia da industria do sector e evidenciou que as cadeas alimentarias continúan utilizando o leite como produto reclamo para gañar consumidores.



Concentración
fronte á
Delegación do Goberno
A Coruña



Mércores
19 de febreiro
12h.

**POLO NOSO TRABALLO
POLOS NOSOS PRODUTOS
PREZOS XUSTOS**

Os prezos continúan como hai cinco anos, 56 céntimos o litro. Esas mesmas cadeas que uns kilómetros despois, en Francia, un país excedentario, teñen o prezo de 73 céntimos.

Roberto García explicou que a produción supón un gasto de 32 cénti-

mos por litro para os gandeiros e a industria imponse un prezo de compra ao redor dos 30 céntimos.

A este problema hai que sumarlle custes adicionais como os danos provocados polos xabarís nas terras e as 600.000 hectáreas que hai que poñer en disposición para abaratar custes.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN IMPIDE ÁS ORGANIZACIÓN SINDICAIS FACER DECLARACIÓN AOS MEDIOS NAS SÚAS INSTALACIÓN S

Fíxose entrega dun documento solicitando a recuperación dos dereitos e a mellora das condicións de traballo do profesorado galego

Redacción.- FeSP, xunto ao resto dos sindicatos, entregaron este mércores no rexistro xeral da Xunta un escrito dirixido ao presidente en funcións no que se solicita, unha vez máis, e ante a falta de respostas da Consellería de Educación, a recuperación dos dereitos e a mellora das condicións laborais, comezando polo retorno ao horario lectivo que se tiña antes de 2011 no corpo de mestres e 2012 nos demais corpos docentes. A sorpresa chegou cando a Policía, por orde da Consellería de Educación, impediu aos representantes sindicais facer declaracións aos medios que estaban alí para cubrir a información.

FeSP manifesta o seu malestar ante o que se considera unha medida inxustifi-

cada que pretende “coartar o dereito á información da sociedade. Ademais, estas declaracións ían facerse nunha instalación pública ante medios de comunicación perfectamente acreditados e sen que afectase a ninguén máis, polo seu dereito á protección da imaxe.

FeSP lembra que xa hai uns meses, o 18 de novembro, houbo un incidente na Consellería de Educación cando a Policía expulsou aos representantes sindicais cando pretendían trasladarlle á máxima responsable a necesidade de manter unha reunión para tratar sobre os problemas que afectan aos do-



centes do ensino concertado.

O mércores, ante a falta de reposta da Consellería, os representantes sindicais solicitan a mediación do presidente en funcións da Xunta.

En Galicia as eleccións na Coruña, Lugo e Ourense xa se tiñan celebrado antes, con catro delegados para UGT dos sete que se elixían, e está pendente o proceso en Pontevedra. Os traballadores de RTVE en Galicia tamén depositaron a confianza en UGT maioritariamente como no resto do Estado

UGT, PRIMEIRA FORZA SINDICAL EN RTVE

No conxunto da CRTVE UGT pasa a ter 58 delegados, seguida de CCOO con 37, CGT 11, USO 12 e SPIB 1

Redacción.- UGT é a primeira forza sindical indiscutible en RTVE baixo a perspectiva que se queira, por moito que se pretendan retorcer os datos, e non faltará quen nos próximos días ténteo facer, non hai outra conclusión posible. Somos primeira forza sindical en votos e delegados, é o sindicato presente en máis centros de traballo, o único con presenza en todas os CC. AA., o sindicato con máis maiorías absolutas, e todo iso froito do traballo en equipo, do esforzo, do avance a través das solucións e a negociación, así como do respaldo que representa a estrutura federal, nacional e internacional dun sindicato de clase con máis de 130 anos de historia.

Nos próximos anos teremos a responsabilidade de representar á maioría dos traballadores e traballadoras na CRTVE, e o primeiro que queremos dicirlles a todas e todos é que poden ter a seguridade de que hoxe o que máis creceu se cabe é o noso compromiso. A maioría pronunciouse con claridade por un sindicalismo que prime a negociación e o traballo sindical serio, queren consolidar e avanzar nos seus dereitos, e co seu voto esixen que cesen os bloqueos para dar paso aos logros na mesa de negociación, ou nos xulgados se fose necesario.

Esa foi a forma de actuar de UGT, e así seguirá sendo ao exercer a representatividade e a confianza que os traballadores e traballadoras da CRTVE outorgáronnos. UGT exercerá ese liderado para avanzar cun III Convenio da CRTVE que supoña o avance dos nosos dereitos, e a partir de aí poñerémos novas metas para avanzar, coa negociación como primeiro instrumento para iso, como sempre fixemos e seguiremos facendo. A única dúbida que se pode expor ante estes resultados é se os sindicatos do bloqueio entenderon este resultado, se van contribuír connosco a alcanzar eses logros que serán para o conxunto dos traballadores e traballadoras, se abandonarán as políticas de bloqueio para pasar á unidade sindical e a contribuír neses avances.

E tamén seguiremos traballando nesa RTVE de todas e todos pola que tanto loitamos, a través dun plan estratéxico para a CRTVE que é un documento vivo e aberto que co voto dos traballadores e traballadoras da CRTVE



quedou tamén validado con este respaldo. Un obxectivo, o dunha RTVE aberta, plural, democrática, honesta, feminista e de todas e todos, no que tamén sería máis que desexable a unidade sindical e o traballo conxunto.

Desde UGT convidamos a todas as forzas sindicais a iniciar un novo tempo no que o conxunto dos traballadores e traballadoras da CRTVE sintan orgullo por todos os seus representantes sindicais, sexan do sindicato que sexan, e que ese orgullo sexa o froito dos avances na radiotelevisión pública que a día de hoxe aínda soñamos e nos dereitos de todas e todos os que formamos parte de RTVE.

O INCREMENTO DO TEITO DE GASTO, FUNDAMENTAL PARA CAMIÑAR CARA UN CRECEMENTO INCLUSIVO E UNS PXE SOCIAIS

Redacción.- O Consello de Ministros aprobou a nova senda de estabilidade orzamentaria para o período 2020-2023, que debe encadrar, xunto coas previsións recollidas no novo cadro económico, os límites nos que se movan os Orzamentos Xerais do Estado en 2020. O novo teito de gasto, supón un incremento do 3,8%. Esta magnitude determina cal é o tope de gasto das administracións públicas, descontando o gasto financeiro —na seu maior parte, os pagos por intereses da débeda en circulación—.

A última proposta, neste sentido, foi realizada en xullo de 2018, cun incremento do 4,4%, pero non foi aprobada no Senado, posteriormente, debido á falta de acordo político. Tampouco se aprobaron uns novos PXE, o que deu lugar a que se prorrogasen os últimos orzamentos aprobados polo Partido Popular e a que se convocasen eleccións xerais en 2019. Doutra banda, a circunstancia de operar cos PXE de 2017 prorrogados impediu que poidan poñerse en marcha reorientacións de gasto e, sobre todo, políticas de incremento de ingreso, o que, practicamente por si só, facía necesaria a nova senda de converxencia cara os obxectivos de estabilidade orzamentaria propios da zona euro.

O reaxuste na senda de sustentabilidade fiscal ata o ano 2023, que afecta especialmente ao ano en curso, debe ser examinado polas autoridades comunitarias. Con todo, os reaxustes na senda á que obrigaría a aplicación automática das regras fiscais da Unión Monetaria foron non só habituais, senón indispensables, para a saída da crise na zona euro. Mediante esta flexibilidade, que foi necesario aplicar en grao cada vez menor, foise permitindo que os países con déficit e débeda fóra dos lí-

mites da normativa europea puidesen levar a cabo medidas fiscais para contrarrestar o ciclo. Ante un 2020, onde se espera unha retardación económica global, ten todo o sentido que volva permitirse un certo grao de folgura fiscal.

Esta desaceleración económica foi recollida polo Goberno na actualización do seu cadro macroeconómico de previsións, rebaixando a taxa de aumento do PIB do 1,8% ao 1,6%. A taxa de paro situárase en 2020, segundo o Executivo, no 13,6%, máis dun punto por encima da previsión anterior. Aínda que son previsións coherentes co estimado polos principais organismos internacionais e co que vén apuntando a tendencia da actividade económica, non deixan de ser preocupantes. E, sobre todo, poñen de manifesto a necesidade de adoptar medidas que impulsen a actividade económica e a creación de emprego, ademais de facer que este sexa máis estable e sostible.

A relativa relaxación dos obxectivos de déficit e do teito de gasto coñecidas esta semana son, neste sentido, positivas. Para relanzar o PIB, actuar contra os efectos da crise pasada e aplicar políticas que permitan melloras estruturais nos indicadores económicos e sociais, é necesaria a actuación desde os recursos públicos, xa sexa mediante o investimento en infraestruturas, recualificación, innovación ou en medidas que permitan atallar as situacións de pobreza extrema que o pasado venres denunciaba o Relator de Nacións Unidas. A iso súmanse os retos dos obxectivos ambientais que Europa asumiu no marco da acción comunitaria e que pasan por unha forte re-



dución de emisións para o ano 2030.

Ademais, de maneira fundamental, o programa do goberno de coalición contén importantes medidas de índole social que deben ser postas en marcha. É indispensable, neste sentido, que tanto o teito de gasto como o proxecto de PXE, que finalmente se presente, pasen a tramitación parlamentaria. Un proceso breve e sen tensións proporcionaría un sinal de estabilidade e confianza.

Desde UGT considéranse positivas as decisións adoptadas esta semana nesta materia polo Consello de Ministros. Con todo, manifesta, como fixo noutras ocasións, a necesidade de que se incrementen os ingresos fiscais, poñendo especial atención en que a repartición da carga fiscal sexa máis xusto.

Doutra banda, UGT considera fundamental que se abran mesas de diálogo social sobre temas clave, que deben derivar en acordos sobre políticas esenciais con reflexo orzamentario: políticas activas de emprego, prestacións por desemprego, plan estratéxico para a industria, transición ecolóxica, reforma fiscal, pensións, protección social, etc.

OS TRABALLADORES DE 18 PAÍSES DA UE CADA VEZ PARTICIPAN MENOS DA PROSPERIDADE ECONÓMICA

► Os traballadores e traballadoras de 18 estados membros da UE (dous terzos dos países) están a recibir unha parte menor do PIB que ao comezo da década, segundo datos da Comisión Europea.

► A repartición salarial, indicador clave da desigualdade, diminuíu nestes países, entre 2010 e 2019, sendo Irlanda onde houbo maior caída dos salarios na porcentaxe do PIB (-19,2%).

► En España a renda salarial, respecto ao PIB, caeu un -4,2% e isto débese en

gran medida á desvalorización salarial impulsada pola reforma laboral de 2012, que ademais incentiva a precariedade e temporalidade do emprego. Unha normativa que hai que derrogar na súa totalidade.

► A Confederación Europea de Sindicatos (CES) demanda aumentar os salarios mínimos legais nos países, facilitar o dereito dos traballadores e traballadoras a afiliarse a un sindicato e á negociación colectiva, para obter unha participación verdadeiramente xusta na repartición da riqueza.

► UGT insiste en cumprir co compromiso subscrito por España na Carta Social Europea para que o salario mínimo alcance o 60% do salario medio, algo que debe suceder nesta lexislatura e reclama á patronal que cumpra co IV AENC para que ningún salario de convenio estea por baixo dos 1.000 euros.

A CES destaca estas cifras, que mostran que os traballadores reciben unha parte menor do crecemento económico que axudan a crear, durante a consulta da Comisión Europea sobre salarios mínimos xustos.

UGT ESIXE MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA COMBATER A BRECHA NO ÁMBITO CIENTÍFICO E EDUCATIVO

11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

Redacción.- UGT, con motivo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, denuncia a brecha de xénero que existe en España neste ámbito, tanto nos estudos relacionados coas especialidades tecnolóxicas, como nos postos de traballo, onde a muller ten moi pouca representación.

No noso país menos dun 28% do total de enxeñeiros graduados son mulleres, só representan o 13% dos graduados en ciencias, matemáticas e especialidades tecnolóxicas e, unicamente, un 0,6% das mulleres graduadas en educación superior elixiron como campo de estudos as TIC, é dicir, hai cinco veces máis homes que mulleres que estudan ou se forman en TIC.

A propia OCDE confirma o atraso do noso país na inclusión de mulleres en carreiras tecnolóxicas. Ocupa o antepenúltimo posto mundial en porcentaxe de mulleres que comezan estudos STEM.

Só un 10% dos enxeñeiros en TIC son mulleres

Ocorre o mesmo cos empregos TIC. Hai 550.000 homes máis que mulleres que realizan o seu traballo en postos tecnolóxicos, máis do dobre, e segundo Eurostat a participación feminina no emprego TIC está en chans históricos, ao cifrarse nun residual 16%.

En relación coas TIC, menos dun 20% dos programadores con emprego son mulleres, e só un 10% dos enxeñeiros son mulleres. Por outra banda, neste sector hai unha enorme brecha salarial que se sitúa no 19% (por encima da rexistrada mesmo en 2014, o que supón un retroceso inadmisíbel e inxustificable).

A pesar de que empresas e patronais tentan xustificar a ausencia de tecnólogas nas súas plantillas baixo a excusa de que o sistema educativo non prové de recursos, o certo é que os esforzos das compañías para atraer e reter ás mulleres en contornas tecnolóxicas son claramente insuficientes. Así, as empresas están a fallar clamorosamente á hora de integrar ás tecnólogas nos seus equipos.



Así, os estudos publicados por Atómico en 2018 e 2019, indican que o 62% das mulleres da industria dixital declaran sufrir discriminación en 2019, o que supón un incremento dun 16%. En 2018 aínda a metade das empresas tecnolóxicas europeas non teñen políticas de igualdade.

Outro estudo sumamente revelador é o realizado polo EIGE (Instituto europeo para a igualdade de xénero, polas súas siglas en inglés). Baixo o título “Women and men in ICT a chance for better work– life balance”, a súa investigación demostra que as tecnólogas, a pesar de posuír unha educación media superior á dos homes, sitúanse en posicións de relevancia inferior.

Combater os estereotipos culturais

UGT considera que esta brecha de xénero no ámbito da ciencia e a tecnoloxía é como consecuencia de que prevalecen estereotipos culturais e machistas e esixe a adopción de políticas para combater esta situación. O futuro debe converterse nunha oportunidade para avanzar na igualdade non para perpetuar as discriminacións.

Esixe políticas inclusivas, sociais e xustas, que faciliten unha verdadeira conciliación da vida laboral e familiar e capaces de avanzar na igualdade real de oportunidades entre todas as persoas, independentemente do seu xénero.

O sindicato considera vital a inclusión de plans de igualdade e medidas de acción positiva, a través da negociación colectiva, para mellorar a empregabilidade e as competencias dixitais das mulleres, co obxectivo de acabar cos rumbos de xénero vinculados ás novas tecnoloxías.

Outras propostas son: a adaptación progresiva da normativa laboral para garantir os dereitos dos traballadores e traballadoras, considerando particularmente as cuestións relacionadas coa conciliación, seguridade e saúde, a non discriminación por razón de xénero e a formación permanente; establecer plans de actuación en todos os niveis educativos, que inclúan o fomento da participación das mulleres nas especialidades técnicas nas que están pouco representadas, e plans específicos de formación e políticas activas de emprego con recursos suficientes para conseguir a capacitación masiva de todas as traballadoras e traballadores, para garantir a súa empregabilidade futura.